

Por que estamos mobilizados en todo o país?

A reforma agraria debe ser un programa público, de goberno, que aplica a constitución para loitar contra a concentración da propiedade da terra. E a través da desapropiación e da indemnización aos terratenentes organiza asentamentos. Distribúe a terra para as familias de traballadores e democratiza así o acceso á terra, que é un ben da natureza que debe estar a servizo de toda a poboación e non só dunha minoría.

É papel do estado tamén garantir aos cidadáns o acceso democrático, con dereitos iguais, de traballo, vivenda, educación e saúde. Estes últimos anos, fíxose pouco ou nada para unha reforma agraria verdadeira.

Ao contrario, os gobernos deron prioridade ao modelo agrícola do agronegocio, que se basea na gran propiedade “modernizada” que utiliza moito veneno, xera poucos empregos e produce para a exportación. É un modelo que recibe abultados investimentos en crédito dos bancos públicos e do BNDES e que non paga case nada en impostos, grazas á Lei Kandir.

Unha vantaxe que ningún traballador, campesiño, comerciante ou industrial ten no país: moito diñeiro, pouco imposto e ningún compromiso social ou co desenvolvemento. Unha vantaxe dada soamente ás grandes compañías nacionais e estranxeiras.

E para os pobres da terra que deciden organizarse, só adopta medidas de compensación social, como a Bolsa-Familia e o asentamento en proxectos de colonización na Amazonia, afastados de todo. Ou coloca ás familias nos lotes baleiros en vellos asentamentos.

Polo tanto, nos últimos 12 anos, a concentración da propiedade da terra continuou aumentando. E agora cun agravante, o capital estranxeiro, das grandes transnacionais, tamén está comprando moita terra! Desexan implantar grandes áreas de monocultivo de eucalipto, de soia e de cana, para obter ganancias e tomar conta soamente dos seus intereses. Déixannos a depredación do ambiente, o desemprego e a pobreza!

Por estas razóns, máis de 140 mil familias de brasileiros, traballadores, están organizadas e loitando, pero as obrigan a criar aos seus nenos debaixo de lonas negras, en campamentos, ao longo das estradas. Debido á omisión dos gobernos. Vostede xa imaxinou como é posíbel quedar esperando, inerte, escoitando promesas de terra, vivindo nunha tenda de lona negra, sen poder producir, durante dous, tres, cinco, ou oito anos?

Polo tanto, cansos de esperar, estamos mobilizándonos en todo o país.

Estamos protestando para acelerar a reforma agraria.

E estámolo facendo no 17 de abril, porque nesta data, en 1996, a policía militar do estado de Pará, baixo o goberno estatal de Almir Gabriel (PSDB-PA) e do Presidente Fernando Henrique Cardoso, masacraran un campamento na comarca de Eldorado de Carajás, asasinando a 19 sen terras e a dous máis que morreron algunhas semanas despois, e deixando 69 mutilados e centenaes de feridos. Logo de todos estes anos, ninguén está encarcerado ou foi castigado. Todo segue impune. Como se sabe, aquí en Brasil, en xeral, o poder xudicial funciona soamente para protexer o patrimonio dos ricos. E os dereitos dos pobres sempre queda para despois.

En homenaxe aos mártires de Carajás, A Vía Campesiña Internacional decretó o día 17 de abril, Día Internacional de Loita Campesiña, en todo o mundo. E aquí en Brasil, por iniciativa da entón senadora Marina da Silva, o Congreso Nacional aprobou e o Presidente Fernando Henrique Cardoso sancionou unha lei, que determina que o día 17 de abril é o día nacional da loita pola reforma agraria!

Que defendemos e esperamos que o goberno federal cumpra e que os gobernos estatais axuden?

1. Que se axilice a desapropiación de facendas improdutivas, dando a prioridade a algunhas rexións en cada estado, de preferencia próximas dos centros consumidores, para facilitar o acceso ao mercado e ao

desenvolvemento da produción de alimentos.

2. Que se priorice a desapropiación das facendas das compañías estranxeiras, que viñeron aquí implantar as súas monocultivos (de eucalipto, soia e de cana de azucre) predatorios do ambiente, co uso intensivo do agrotóxico e expulsando aos traballadores brasileiros do interior.

3. Que o goberno actualice a lei que mide a produtividade das facendas, que aínda se basea en datos de 1975. Que mobilice a súa base parlamentaria, que son a maioría do congreso, a favor do proxecto aprobado xa no senado, que determina a expropiación das facendas que aínda teñen traballo escravizado.

4. Que o goberno faga un verdadeiro conxunto de esforzos de todos os órganos públicos implicados, para asentar en poucos meses todas as 140 mil familias acampadas fai moito tempo, que seguen esperando e vivindo debaixo de lonas negras.

5. Que se organice un novo modelo de asentamento, combinando un novo crédito rural, especial para os asentados, coa produción de alimentos e a instalación de agroindustrias en forma cooperativa. Así as familias conseguirían maior renda do seu traballo e xeraría-se emprego para a mocidade que vive no campo.

6. Que a CONAB (compañía nacional de aprovisionamiento) sexa valorada, amplíe os seus recursos e garanta a todas as familias campesiñas, asentadas ou de pequenos agricultores o acceso ao programa de compra de todos os alimentos producidos.

7. Que se poña en execución un programa nacional de reforestación en lotes da reforma agraria e nas comunidades campesiñas, de forma subvencionada. Para estimular cada familia a plantar polo menos dúas hectáreas de árbores nativos e frutíferas, en cada área. E así, contribuíriamos á preservación da natureza, á prevención do quecemento global, provocado polo monocultivo depredador do agro-negocio.

8. Desenvolver un programa amplo de educación no campo, que empece cunha campaña nacional da erradicación do analfabetismo e que se aumenten os cursos e as prazas en cursos técnicos destinados especificamente para a mocidade do campo. E que se amplíen os recursos do PRONERA (programa nacional de educación da reforma agraria) facendo posible a demanda de cursos e de acordos coas universidades brasileiras para dar acceso aos mozos campesiños en réxime de alternancia nos cursos superiores.

9. Que se cree un novo formato institucional para facer posíbel a asistencia técnica e a extensión rural pública nos asentamentos. Para isto é necesario que se teña un órgano público responsábel pola asistencia técnica e a capacitación dos agricultores.

10. Que o INCRA sexa vinculado directamente á Presidencia da República e forme coa CONAB e o órgano de asistencia técnica, un novo formato institucional para facer posible e para acelerar a reforma agraria.

Con estas medidas, poderíamos esperar que de feito a reforma agraria comece a saír do de papel.

REFORMA AGRARIA: Por xustiza social e soberanía popular!

17 DE ABRIL de 2007

Dirección Nacional do MST